



Clausura do belén de Begonte

O belén electrónico de Begonte pechou as súas portas ata o próximo Nádal, e fixoo por todo o alto, especialmente por tratarse do primeiro ano no que goza da declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. O acto de clausura contou, como é costume, con numerosos asistentes, entre os que se atopaban os premiados nos catro certames que cada ano se convocan conxuntamente coa apertura do nacemento: arte, xornalismo, debuxo infantil e poesía. Así, concedéuselle o premio de arte ao pintor afincado en Lugo Fernando Villalba Navarrete, ademais de recibir mencións de honra as obras de Valentín Fernández Vila

e de Eduardo Fernández García-Gesto. Pepe Pol gañaba o certame xornalístico, mentres o relato de Beatriz Valcárcel recibía o segundo premio e tamén se outorgaban mencións aos escritos de Pablo Núñez, Ruth Fernández e Xosé Román Escourido. Xosé Otero Canto e Carlos López Fernández foron os premiados en poesía, e 16 nenos de Viveiro, Begonte, Lourenzá, Foz, Reinante ou Riba-deo recibiron recompensas polos seus debuxos. O acto completouse coas intervencións do presidente do belén, Jesús Domínguez; o alcalde de Begonte, José Ulla, e o responsable de Política Lingüística da Xunta, Valentín García, así coma coas actuacións dos músicos da escola músico Crisantino, Lydia Paredes, Daniel Rábade e Xoema Eiras. Fotos de C. Pérez.



